

DITAME DO XURADO DO PREMIO “O OLLO DE VIDRO”

PROXECTO CANLE DE YOUTUBE “RECOMENDOCHUNLIBRO”

Os Equipos de Dinamización Lingüística da Escola Oficial de Idiomas e do IES Castelao e a Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas, coa colaboración da Asociación de Veciños do Calvario e da Deputación de Pontevedra, convocaron o pasado mes de abril o concurso “**O ollo de vidro**”, dentro do proxecto **Recoméndocheunlibro**, unha canle en Youtube que ten como obxectivo a promoción da lectura, así como a visibilización e o emprego do galego como vehículo de comunicación nas redes sociais.

O xurado desta primeira edición estivo composto por Ana D. Moure González, coordinadora do EDLG da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, Agustín Nieto Pazó, coordinador do EDLG do IES Castelao e Noelia Candal Suárez, técnica da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas. Reunidos os seus membros, e revisadas as 8 propostas admitidas a concurso, ditaminouse o seguinte resultado:

Premio do público. Con 203 “gústame”, o Premio do público é para **Uxía Couselo Rodríguez e María Prieto Iglesias** (alumnas do IES Castelao) pola súa recomendación do libro *Cartas de Inverno*, de Agustín Fernández Paz.

Premio do xurado. Por unanimidade, outórgase este premio a **Paula Durán Magalón** (alumna do IES Castelao), pola súa recomendación do libro *Hasta siempre mi amor*, de Jojo Moyes. O xurado destacou a excelente argumentación da súa crítica - cunha coidada utilización da linguaxe - e a presentación dun *booktrailer* moi ben montado que resume a trama do libro e anima á súa lectura.

A organización do proxecto **Recoméndoche un libro** quere tamén agradecer a súa participación a todas as persoas que remitiron as súas propostas, que coas súas recomendacións contribúen a esta iniciativa.

A entrega de premios, un libro electrónico por categoría, realizarase o vindeiro **martes 31 de maio ás 20:00h**, durante a celebración da festa-concerto de final de curso na Escola Oficial de Idiomas de Vigo (Avda. Martínez Garrido, 17).